

O XII Convenio estatal de centros de asistencia e educación infantil 0-3 debe aplicar a nova adaptación das súas táboas salariais xerais e de xestión indirecta

A adaptación ao SMI dos 965€ nas táboas salariais xerais e as novas táboas salariais de xestión indirecta no apartado “C” coa suba dun 1,1%, hai que aboalas xunto cos atrasos dende setembro do 2021, como data límite en xaneiro de 2022 ao ser publicadas no BOE de decembro do 2021



En aplicación do SMI, que acadou os 965€ en setembro deste ano 2021, e da disposición final 4ª do XII Convenio estatal de centros de asistencia e educación infantil na etapa 0-3, os sindicatos e patronais asinantes do mesmo víronse na obriga de aceptar unha nova adaptación das táboas salariais xerais a dito SMI, desta vez sen atrasos como aconteceu nas anteriores que a CIG-Ensino tivera que denunciar ante a autoridade laboral competente.

Ditas táboas xerais terán que aplicarse dende a nómina de setembro de 2021, pagando os atrasos no prazo dun mes despois de saír publicadas no BOE (09/12/2021).

As educadoras terán un incremento de 25€ (15€ do SMI + 10€ do diferencial acordado coas categorías inferiores e “recoñecer” así a súa maior formación, responsabilidade e cualificación), pero non sobre os 968,09€ que xa tiñan asinados, senón sobre o SMI anterior (950€), é dicir, o ridículo diferencial de 18.09€ que tiñan nas anteriores táboas vese de novo rebaxado aos 10€.

Táboas salariais centros de educación infantil (Táboa xeral)

Táboas dende 1 de setembro 2021

	SALARIO MENSUAL	SALARIO ANUAL (14 PAGAS)	CPP (14)
GRUPO I. PERSOAL DE AULA			
Maestro	1.411,66 €	19.763,27 €	30,09 €
Educador Infantil	975 €	13.650,00 €	23,11 €
Auxiliar de apoio	965 €	13.510,00 €	15,92 €
GRUPO II. PERSOAL DE SERVIZOS COMPLEMENTARIOS			
Persoal especializado: logopeda, psicólogo, enfermero, médico, pedagogo, asistente social, ...	1.401,30 €	19.618,18 €	29,54 €
GRUPO III. PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS			
Persoal de cociña	965 €	13.510,00 €	15,92 €
Persoal de limpeza	965 €	13.510,00 €	15,92 €
Persoal de mantemento	965 €	13.510,00 €	15,92 €
Persoal de servizos xerais	965 €	13.510,00 €	15,92 €
Persoal administrativo	965 €	13.510,00 €	15,92 €

	SALARIO MENSUAL	SALARIO ANUAL
CARGOS DIRECTIVOS TEMPORAIS		
Director	1.430,00 €	20.020,00 €
Subdirector	1.430,00 €	20.020,00 €
Director pedagóxico	1.430,00 €	20.020,00 €

Nota: O CPP do cargo directivo será o que lle corresponda ao seu posto de traballo

En aplicación dunha cláusula de revisión salarial introducida na Disposición Transitoria 8ª, do XII Convenio estatal de centros de asistencia e educación infantil na etapa 0-3, as táboas salariais de xestión indirecta do apartado "C" terán un incremento do 1,1% dende setembro do 2021, sobre todas e cada unha das categorías e tendo que aboar os atrasos no mes seguinte a saír as táboas publicadas no BOE.

Táboas salariais centros de educación infantil (Xestión indirecta)

Apartado C

Táboas desde o 1 de setembro de 2021 até 31 de agosto de 2022

	SALARIO MENSUAL	SALARIO ANUAL (14 PAGAS)	CPP (14)
GRUPO I. PERSOAL DE AULA			
Maestro	1.505,70 €	21.079,84 €	30,23 €
Educador Infantil	1.134,34 €	15.880,79 €	22,33 €
Auxiliar de apoio	1.031,22 €	14.437,08 €	16,32 €
GRUPO II. PERSOAL DE SERVIZOS COMPLEMENTARIOS			
Persoal especializado: logopeda, psicólogo, enfermero, médico, pedagogo, asistente social, ...	1.494,66 €	20.925,19 €	29,66 €
GRUPO III. PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS			
Persoal de cociña	1.031,22 €	14.437,08 €	16,32 €
Persoal de limpeza	1.031,22 €	14.437,08 €	16,32 €
Persoal de mantemento	1.031,22 €	14.437,08 €	16,32 €
Persoal de servizos xerais	1.031,22 €	14.437,08 €	16,32 €
Persoal administrativo	1.031,22 €	14.437,08 €	16,32 €

	SALARIO MENSUAL	SALARIO ANUAL
CARGOS DIRECTIVOS TEMPORAIS		
Director	1.525,26 €	21.353,60 €
Subdirector	1.525,26 €	21.353,60 €
Director pedagóxico	1.525,26 €	21.353,60 €

Nota: O CPP do cargo directivo será o que lle corresponda ao seu posto de traballo

*Esta cláusula de revisión salarial será de aplicación nas táboas xerais e nas de centros de obras sociais a partir de decembro de 2021, segundo quede o IPC nese mes, DISPOSICIÓN FINAL 5ª.

A CIG-Ensino non asinou estas adaptacións e revisións das táboas salariais posto que é responsabilidade dos asinantes do XII convenio, que aceptaron estas condicións salariais. Nós non as compartimos ao non asinar dito convenio e cualificar ditas táboas salariais como insuficientes e precarias. Ademais, manteñen dúas discriminacións que nunca compartimos como é 1º o escaso diferencial das educadoras con respecto a categorías inferiores nas táboas xerais, que non están á altura da súa formación, responsabilidade e funcións e incluso agora se reduce dito diferencial; e 2º as

diferenzas salariais entre as táboas xerais e as de xestión indirecta, as cales incrementáanse e deberían ir no sentido contrario reducíndose, pois sempre defendemos que a igual traballo igual salario. Entendemos que estas adaptacións son obrigadas por convenio, ao igual que foron outras anteriores e virán máis, pois así o aceptaron os asinantes do convenio que nós refutamos, xa que nos movemos nun convenio con tanta precariedade salarial que xira en cantidades do SMI polo que reivindicamos salarios dignos no sector, así como melloras laborais e sociais.



OS NÓSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, 2º Andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 871
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantera 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal